

SOLUCIÓN DO RETO FINAL DO REA DE NÚMEROS NATURAIS

Reto Final

1. Calcularán o prezo por metro cadrado de cada vivenda e colocarán o resultado nunha táboa que podes descargar na guía do docente.
2. Clasificarán os prezos en dous grupos empregando as táboas. Unha posible solución é agrupar os pisos de 3 ou máis dormitorios en 2 grupos
 - Aqueles cun prezo por m2 menor de 1.000 €
 - Aqueles cun prezo por m2 maior de 1.000 €

Na seguinte táboa están recollidos os pisos de 3 ou máis dormitorios cun prezo por m2 menor de 1.000€. É esta columna a que debe de calcular o alumnado. Pódeno facer en papel ou empregando a folla de cálculo que vos facilitamos.

Desbotamos pisos que precisan seren reformados porque un dos criterios era que estivesen en bo estado.

	Enderezo	n.º	Dormit.	Prezo	m2	prezo/m2	Estado
Máis baratas	1 Rúa Fonte do Sapo	5	2	80.000	110	727	Ben
	2 Av. Cabreiroá	17	4	95.000	127	748	Reformado
	3 Av. de Sousas	47	4	100.000	131	763	Ben
	4 Rúa Eduardo Pondal	3	3	98.000	118	831	Ben
	5 Rúa Concepción Arenal	10	3	83.001	95	874	Ben
	6 Rúa Curros Enríquez	7	4	87.000	120	725	Ben
	7 Rúa de Ourense	20	3	93.000	105	886	Reformado
	8 Camiño de Fontenova	3	3	77.000	95	811	Ben
	Desbotados porque precisan reforma						
	9 Rúa de Galicia	5	3	75.000	120	625	Necesita reforma
	10 Rúa Espido	3	4	78.000	112	696	Necesita reforma
	11 Rúa Lisa	2	3	67.000	98	684	Necesita reforma

Na táboa seguinte están os pisos cun prezo por m² igual ou superior a 1.000 € (neste caso desbotamos 3 que precisan reforma)


	Enderezo	n.º	Dormit.	Prezo	m2	prezo/m2	Estado
Máis caras	1 Rúa Lisa	7	4	159.000	110	1.445	Ben
	2 Rúa Montemaior	12	4	175.000	120	1.458	Ben
	3 Av. Luis Espada	25	3	155.000	95	1.632	Ben
	4 Rúa da Alameda	8	3	196.000	105	1.867	Reformado
	5 Rúa Viriato	1	3	100.000	98	1.020	Reformado
	6 Rúa Amado Refojo	5	3	120.000	85	1.412	Reformado
	7 Rúa Deputación	22	4	190.000	115	1.652	Reformado
	8 Av. De Portugal	15	4	200.000	130	1.538	Ben
	Desbotados porque precisan reforma						
	9 Rúa do Pozo	5	4	120.000	112	1.071	Sen garaxe
	10 Rúa da Alameda	3	3	99.000	96	1.031	Sen trasteiro
	11 Rúa La Salle	2	3	150.000	106	1.415	Sen garaxe

3. A cada un dos grupos adxudícaselles unha cor, por exemplo:

- Verde para os máis caros


- Vermello para os máis baratos

4. Localizan no plano cada inmoble. Como non aparecen os números das rúas no plano deben empregar internet para axustar ao máximo. Unha vez que os teñan todos situados quedaría algo así:




Os puntos tachados son os pisos que desbotamos por non cumprir todos os criterios

5. Tras analizar o plano de puntos debuxarán o contorno dos pisos máis caros e colorearán coa cor que elixiran:



6. Fan o mesmo cos pisos baratos:



Este último xa é o plano zonificado que pediamos.

Seguirán o mesmo proceso cos pisos de 2 dormitorios:

1. Calcularán o prezo por metro cadrado de cada vivenda e colocarán o resultado nunha táboa que poden descargar da guía do docente.
2. Clasificarán os prezos en dous grupos empregando as táboas. Unha posible solución é agrupar os pisos de 3 ou máis dormitorios en 2 grupos
 - Aqueles cun prezo por m2 menor de 1.000 €
 - Aqueles cun prezo por m2 maior de 1.000 €

Na seguinte táboa están recollidos os pisos de 2 dormitorios cun prezo por m2 menor de 1.000€. É esta columna a que debe de calcular o alumnado. Pódeno facer en papel ou empregando a folla de cálculo que vos facilitamos.

Máis baratas	Enderezo	Nº	Dormit.	Prezo	m2	prezo/m2	Estado
	1 Av. de Laza	20	2	80.000	90	889	Ben
	2 Rúa Rosalía de Castro	50	2	79.000	85	929	Ben
	3 Rúa San Pedro	5	2	72.000	73	986	Ben
	4 Av. de Cabreiroá	50	2	79.000	81	975	Ben
	5 Rúa da Canella Cega	40	2	60.000	67	896	Reformado
	6 Av. de Portugal	75	2	75.000	79	949	Reformado
	7 Rúa Xesús Taboada Chivite	24	2	81.000	88	920	Reformado
	8 Rúa Eduardo Pondal	15	2	79.000	80	988	Reformado
	Desbotados porque non cumpre algún criterio						
	9 Rúa Concepción Arenal		2	70.000	74	946	Sen trasteiro
	10 Rúa Vicente Risco		2	74.000	75	987	Sen trasteiro
	11 Rúa Santiago Apóstol		2	80.000	81	988	Sen trasteiro

Desbotamos pisos que precisan seren reformados porque un dos criterios era que tivesen rocho e garaxe.


Na táboa seguinte están os pisos cun prezo por m² igual ou superior a 1.000 € (neste caso desbotamos 3 que non teñen garaxe)

Máis caras	Enderezo	Nº	Dormit.	Prezo	m2	prezo/m2	Estado
	1 Av. Luis Espada	46	2	98.000	65	1.508	Ben
	2 Rúa Colón	5	2	120.000	73	1.644	Reformado
	3 Rúa Deputación	15	2	107.000	80	1.338	Ben
	4 Rúa Maior	10	2	99.000	82	1.207	Reformado
	5 Rúa Amaro Refojo	6	2	150.000	72	2.083	Reformado
	6 Paseo do Támeiga	3	2	98.000	71	1.380	Ben
	7 Rúa Viriato	6	2	120.000	84	1.429	Reformado
	8 Rúa de Elle	60	2	98.000	79	1.241	Ben
	Desbotados porque non cumpre algún criterio						
	9 Rúa Colón	10	2	75.000	68	1.103	Sen garaxe
	10 Rúa Constitución	4	2	100.000	75	1.333	Sen garaxe
	11 Rúa de Elle	14	2	95.000	85	1.118	Sen garaxe

3. A cada un dos grupos adxudícaselles unha cor, por exemplo:

- Vermello para os máis caros
- Azul para os máis baratos

4. Localizan no plano cada inmoble. Como non aparecen os números das rúas no plano deben empregar internet para axustar ao máximo. Unha vez que os teñan todos situados quedaría algo así:



5. Tras analizar o plano de puntos debuxarán o contorno dos pisos máis caros e dos máis baratos e colorearán coa cor que elixiran:



Estes son exemplos, pero aínda que traballen cos mesmos datos, as zonas finais poden ser lixeiramente diferentes por teren que definir uns contornos con moi poucos datos.

Hai que ir guiando os debates para que se dean conta de que este tipo de estudos serán máis precisos cantos máis datos manexemos.